



CONCELLO DE FISTERRA  
Rúa Santa Catalina, 1  
15155 FISTERRA (A Coruña)  
C.I.F.: P1503800C  
Telf. 981 740 001  
info@concellofisterra.com

exp. 2024/G003/000278

## DECRETO

**ASUNTO:** APROBACIÓN DAS BASES QUE REXERÁN A SELECCIÓN DE DOUS/AS PEÓNS/AS PERCEPTORES DA RISGA PARA APOIO AO GRUPO DE SERVIZOS MÚLTIPLES- 2024.

**EXPEDIENTE:** 2024/G003/000278

**Relacionado co expediente:** 2024/A003/000018

### ANTECEDENTES:

Mediante Orde do 27 de decembro de 2023, establécense as bases reguladoras para a concesión de subvencións dirixidas a entidades locais para a contratación temporal de persoas en situación ou risco de exclusión social perceptoras da renda de integración social de Galicia (Risga) para o ano 2024 (DOG núm. 17, do 24 de xaneiro de 2024).

Por resolución da Xefatura Territorial da Consellería de Emprego, Comercio e Emigración con sinatura dixital de 07/05/2024, resólvese conceder unha subvención ao concello de Fisterra equivalente aos custos salariais totais das contratacións de persoal temporal baixo a modalidade de contrato de traballo vinculado a programas de políticas activas de emprego, a tempo parcial (75% da xornada) por un período de nove (9) meses, para a realización de funcións e tarefas propias do Grupo de Servizos Múltiples, como limpeza de rúas e outros espazos de titularidade municipal, limpeza e conservación dos paseos marítimos, coidado e mantemento dos parques, xardíns e zonas verdes do municipio, limpeza de camiños, fontes e outros espazos públicos e outras actuacións puntuais do Grupo de Servizos Múltiples.

Considerando o disposto no artigo 21-1-g) da Lei 57/2003, do 16 de decembro, de medidas para a modernización do goberno local.

No uso das atribucións que me outorga a lexislación do réxime local, **RESOLVO:**

**PRIMEIRO:** Resolver, ao abeiro do establecido no artigo 217 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, a discrepancia formulada a favor dos criterios expostos por esta Alcaldía, levantar o reparo da Secretaría-Intervención e continuar coa tramitación do expediente.

**SEGUNDO:** Aprobar as bases específicas para a contratación en réxime laboral eventual de dous/as traballadores/as para a prestación do servizo "peóns de apoio ao Grupo de Servizos Múltiples- Risga", que de seguido se indican:

"BASES QUE REXERÁN A CONVOCATORIA E O PROCESO DE SELECCIÓN EN RÉXIME LABORAL TEMPORAL DE DUAS PERSOAS TRABALLADORAS PARA APOIO AO Grupo de servizos múltiples -TR351F PEÓNS RISGA 2024.

1º. Obxecto da convocatoria.

É obxecto da presente convocatoria a contratación laboral temporal de dúas persoas traballadoras como peóns/as para o desenvolvemento do servizo "Peóns de apoio ao Grupo de Servizos



CONCELLO DE FISTERRA  
Rúa Santa Catalina, 1  
15155 FISTERRA (A Coruña)  
C.I.F.: P1503800C  
Telf. 981 740 001  
info@concellofisterra.com

exp. 2024/G003/000278

Múltiples (Risga)", subvencionada pola Consellería de Emprego, Comercio e Emigración da Xunta de Galicia a través do Programa de fomento do emprego "Contratación temporal de persoas en situación ou risco de exclusión social perceptoras da renda de integración social (Risga)", mediante resolución de data 07/05/2024.

## 2º. Modalidade e duración do contrato.

A contratación realizarase a través da modalidade de contrato de traballo vinculado a políticas activas de emprego, a tempo parcial (75% da xornada) por un período de nove (9) meses.

## 3º. Funcións

O Servizo de "PEÓNS DE APOIO AO GRUPO DE SERVIZOS MÚLTIPLES (RISGA)" ven motivado pola resolución da Consellería de Emprego, Comercio e Emigración, a través do expediente TR351F 2024/26-01, pola que se concede unha subvención para a contratación de dúas persoas traballadoras ao abeiro da Orde do 27 de decembro de 2023 pola que se establecen as bases que regulan as subvencións dirixidas a entidades locais para a contratación temporal de persoas en situación ou risco de exclusión social perceptoras da renda de integración social de Galicia (Risga) para o ano 2024.

As funcións e tarefas a desempeñar polos/as traballadores/as son tarefas propias do Grupo de Servizos Múltiples, como limpeza de rúas e outros espazos de titularidade municipal, limpeza e conservación dos paseos marítimos, coidado e mantemento dos parques, xardíns e zonas verdes do municipio, limpeza de camiños, fontes e outros espazos públicos e outras actuacións puntuais do Grupo de Servizos Múltiples.

## 4º. Requisitos das persoas aspirantes.

Para participar no proceso selectivo as persoas aspirantes deberán reunir os requisitos que a continuación se indican, referidos todos e cada un deles á data de remate do prazo de presentación de solicitudes e deberán mantelos durante todo o proceso:

a) Ser español ou nacional dalgún dos estados membros da Unión Europea ou nacional dalgún estado en que en virtude dos tratados internacionais realizados pola Unión Europea e ratificados por España sexa de aplicación a libre circulación de traballadores, nos termos establecidos na normativa vixente.

b) Ter cumpridos os dezaseis (16) anos de idade e non ter acadado a idade de xubilación forzosa.

c) Posuír as capacidades e aptitudes físicas e psíquicas que sexan necesarias para o desempeño das correspondentes funcións ou tarefas obxecto do presente contrato.

d) Non ter sido separado mediante expediente disciplinario do servizo de calquera das Administracións Públicas ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das Comunidades Autónomas, nin atoparse en inhabilitación absoluta ou especial para empregos ou cargos públicos



CONCELLO DE FISTERRA  
Rúa Santa Catalina, 1  
15155 FISTERRA (A Coruña)  
C.I.F.: P1503800C  
Telf. 981 740 001  
info@concellofisterra.com

exp. 2024/G003/000278

por resolución xudicial, para o acceso ao corpo ou escala de funcionario, ou para exercer funcións similares ás que desempeñaban no caso do persoal laboral, no que fora separado ou inhabilitado. No caso de ser nacional doutro Estado, non atoparse inhabilitado ou en situación equivalente que impida, no seu Estado, nos mesmos termos o acceso ao emprego público.

e) Non estar incurso/a en causas de incompatibilidade de conformidade co establecido na Lei 53/84 de 26 de decembro do persoal ó servizo das Administracións Públicas.

f) Ser persoa beneficiaria da Risga e estar inscrita no Servizo Público de Emprego de Galicia como persoa demandante non ocupada.

As administracións Públicas, no ámbito das súas competencias, deberán prever a selección dos/as empregados/as públicos/as debidamente capacitados para cubrir os postos de traballo nas Comunidades Autónomas que gocen de dúas linguas oficiais. Para o caso do acceso ao emprego público de nacionais doutros estados, estarase ao disposto no artigo 57 do Estatuto Básico do Empregado Público.

#### 5º. Prazo de presentación de solicitudes.

O proceso selectivo realízase mediante presentación de oferta específica de emprego ante a oficina do Servizo público de emprego de Cee, co obxecto de dar cumprimento ao establecido no artigo 13.e da Orde do 27 de decembro de 2023 pola que se establecen as bases que regulan as subvencións para a contratación temporal de persoas en situación ou risco de exclusión social perceptoras da renda de integración social de Galicia (Risga) para o ano 2024

Recibida a lista de persoas candidatas seleccionadas pola Oficina de emprego, procederase á publicación da mesma na páxina web [www.concellofisterra.gal](http://www.concellofisterra.gal), no Taboleiro electrónico e no Taboleiro de Anuncios da Casa do Concello, e os/as candidatos/as disporán dun prazo máximo de **tres (3) días hábiles** a contar dende o día seguinte á data da publicación, para presentar a solicitude de participación no proceso selectivo no modelo normalizado que figura como anexo a estas bases.

As instancias dirixiranse á Sra. Alcaldesa do Concello de Fisterra e presentaranse no Rexistro Xeral do Concello de 9.00 a 14.00 horas, situado na rúa Santa Catalina, 1, 15155 Fisterra, A Coruña, ou na forma prevista na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas e na Lei 40/2015, do 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público.

#### 6º. Documentación

Os/as aspirantes ao posto deberán aportar obrigatoriamente a seguinte documentación:

- A solicitude de participación no proceso, no modelo normalizado que figura como anexo a estas bases.
- Copia do documento nacional de identidade.
- Copia da tarxeta de demandante de emprego.



CONCELLO DE FISTERRA  
Rúa Santa Catalina, 1  
15155 FISTERRA (A Coruña)  
C.I.F.: P1503800C  
Telf. 981 740 001  
info@concellofisterra.com

exp. 2024/G003/000278

Non se tomarán en conta nin serán avaliados os méritos que non sexan debidamente acreditados, en tódolos seus extremos, no momento de presentación das solicitudes.

#### 7º. Admisión de candidatos/as.

Rematado o prazo de presentación de instancias, a Presidencia da Corporación, ditará resolución na que se aprobará a lista provisional de admitidos/as e excluídos/as que se publicará na páxina web, no Taboleiro electrónico e no Taboleiro de Anuncios da Casa do Concello. Para reparar ou emendar os defectos que motivasen a exclusión ou omisión da dita lista, as persoas aspirantes disporán dun prazo de **un (1) día hábil** contado a partir do seguinte ao da publicación da resolución.

Os/as aspirantes que dentro do prazo sinalado non emendasen a exclusión ou non alegasen a omisión, xustificando o seu dereito a seren incluídos na relación de admitidos/as, serán definitivamente excluídos da realización das probas.

De non se presentaren reclamacións dentro deste prazo, a relación de admitidos/as elevarase a definitiva. No caso de que fosen admitidas todas as persoas aspirantes presentadas, poderá ditarse directamente a lista definitiva de admitidos/as, sen prexuízo de que contra a mesma se poderán interpoñer os recursos procedentes en dereito.

No caso de que o/a candidato/a non presente a acreditación do idioma galego (Celga 1 ou equivalente), non será excluído/a por esta causa. O tribunal comprobará mediante a realización dunha proba oral, o coñecemento da lingua galega. A proba cualificarase como apta ou non apta. No caso de ser cualificado/a como non apto/a, o /a candidato/a quedará automaticamente excluído/a.

As reclamacións, se as houbese, serán resoltas na resolución pola que se aprobe a lista definitiva que se publicará do mesmo xeito que a provisional. Nesta mesma resolución figurará o lugar e data da celebración das probas da fase de oposición e a composición do tribunal cualificador.

#### 8º. Tribunal cualificador.

O tribunal cualificador estará formado por cinco membros: un/ha presidente/a, un/ha secretario/a e tres vogais e quedará integrado polas persoas que designe a Alcaldía.

O tribunal resolverá cantas dúbidas poidan exporse e poderá adoptar os acordos que garantan a boa orde da convocatoria, en todo o non previsto polas presentes bases e normativa aplicable.

#### 9º. Procedemento de selección.

O sistema de selección será en dúas fases: realización dunha proba práctica e valoración de méritos.

##### Fase 1. Proba práctica.

Proba de coñecemento práctico que terá por obxecto avaliar os coñecementos e habilidades para desenvolver as funcións propias do posto, a establecer polo Tribunal cualificador.



CONCELLO DE FISTERRA  
Rúa Santa Catalina, 1  
15155 FISTERRA (A Coruña)  
C.I.F.: P1503800C  
Telf. 981 740 001  
info@concellofisterra.com

exp. 2024/G003/000278

A valoración máxima do exercicio práctico é de seis puntos.

Fase 2. Valoración de méritos.

O Tribunal reunirse en sesión non pública a efectos de valorar os méritos alegados e debidamente acreditados.

A puntuación máxima total establécese en catro puntos e será o resultado de sumar os méritos que se enumeran no parágrafo seguinte, cos límites que se sinalan para cada un deles.

Serán méritos a valorar nesta fase:

1) Experiencia Profesional. Máximo 2 puntos.

Por servizos prestados en calquera administración en tarefas relacionadas co posto de traballo ofertado: 0,20 puntos/mes.

Por servizos prestados en calquera empresa privada en tarefas relacionadas co posto de traballo ofertado: 0,10 puntos/mes.

A experiencia profesional acreditarase coa presentación do correspondente Informe de vida laboral actualizado e os contratos de traballo ou nóminas.

2) Cursos de formación. Máximo 2 puntos.

Só se valorarán os cursos de formación e perfeccionamento dende o ano 2016 en diante, e que versen sobre materias directamente relacionadas coas funcións propias do posto de traballo ao que se aspira, sempre que os cursos foran impartidos por unha Administración Pública, un Centro Oficial de Formación ou unha institución homologada para impartir formación profesional continua:

- Cursos de menos de 50 horas: 0,10 puntos/curso.
- Cursos de 50 ou máis horas: 0,20 puntos/curso.

10º. Nomeamento.

Unha vez que rematen as dúas fases da selección, o Tribunal proporá o nomeamento dos/as aspirantes que acadases a maior puntuación, non superando o número máximo de prazas convocadas, quedando os/as demais en reserva, por orde da puntuación obtida.

En caso de empate, a orde de puntuación das persoas candidatas establecerase como segue:

- 1-. Puntuación na fase de valoración de méritos.
- 2-. Puntuación na proba práctica.
- 3-. Puntuación no apartado 1 da valoración de méritos.
- 4-. Se persiste o empate, realizarase un sorteo entre os/as aspirantes empatados/as.

A Alcaldesa realizará o nomeamento definitivo, mediante decreto, que será publicado no Taboleiro



CONCELLO DE FISTERRA  
Rúa Santa Catalina, 1  
15155 FISTERRA (A Coruña)  
C.I.F.: P1503800C  
Telf. 981 740 001  
info@concellofisterra.com

exp. 2024/G003/000278

de Anuncios do Concello, no taboleiro electrónico e na páxina web do Concello de Fisterra, formalizando o contrato laboral o primeiro día hábil seguinte á súa notificación.

O tribunal queda facultado para resolver todo tipo de dúbidas que poidan presentarse durante o desenvolvemento das probas.

#### 11º. Recursos.

Esta convocatoria, as súas bases e cantos actos administrativos se deriven delas ou da actuación do tribunal, poderán ser impugnados polos/as interesados/as nos casos e na forma establecida nas Leis 39/2015, de 1 de outubro, del Procedimiento Administrativo Común de las Administraciones Públicas e 40/2015, de 1 de outubro, de Régimen Jurídico del Sector Público

### ANEXO I

<b>1.- POSTO DE TRABALLO A QUE ASPIRA:</b> PEÓN		
<b>2.- CONVOCATORIA:</b> PROCESO DE SELECCIÓN "PEÓNS RISGA 2024"		
<b>3.- DATOS PERSOAIS:</b>		
<b>NOME</b>	<b>DNI</b>	
<b>DOMICILIO</b>		
<b>MUNICIPIO</b>	<b>PROVINCIA</b>	<b>CÓDIGO POSTAL</b>
<b>TELÉFONO</b>	<b>CORREO ELECTRÓNICO</b>	

O abaixo asinante solicita ser admitido/a ó concurso-oposición a que se refire a presente instancia e declara:

- Que son certos os datos obrantes nela.
- Que ten coñecemento e acepta na súa totalidade o contido das bases que regulan este proceso selectivo.
- Que cumpre coa totalidade dos requisitos tanto xerais como específicos establecidos no apartado 4º Requisitos das persoas aspirantes.
- Ser persoa beneficiaria da Risga e estar inscrita no Servizo Público de Emprego de Galicia como persoa demandante non ocupada

**En Fisterra, a \_\_\_ de \_\_\_\_\_ de 2024**



CONCELLO DE FISTERRA  
Rúa Santa Catalina, 1  
15155 FISTERRA (A Coruña)  
C.I.F.: P1503800C  
Telf. 981 740 001  
info@concellofisterra.com

exp. 2024/G003/000278

### **Sinatura**

#### **SRA. ALCALDESA DO CONCELLO DE FISTERRA (A CORUÑA)**

TERCEIRO: Publicar as bases na páxina web do Concello de Fisterra e no taboleiro electrónico, coa finalidade de que os/as interesados/as en participar neste procedemento, presenten as instancias nun prazo de tres (3) días hábiles a contar desde o día seguinte ao de publicación das bases e do anuncio de candidatos/as remitidos polo Servizo Público de Emprego, na páxina web municipal e no taboleiro electrónico deste concello.

CUARTO: Dar conta desta resolución ao Pleno da Corporación na seguinte sesión que celebre.

Mandouno e asina a Sra. Alcaldesa en Fisterra, a martes 21 de maio de 2024, do que eu, como Secretario, dou fe.

**A ALCALDESA,**

Áurea Dominguez Sisto

**ANTE MIN**

**O SECRETARIO-INTERVENTOR,**

Marcos Vázquez Campaña